



## PRESENTACIÓN DO LIBRO


# SPEECHWRITER

## DE PAULO NASEIRO

CON PAULO NASEIRO, MARISA BARREIRO E CHEMA FELPETO

XOVES 30 DE XANEIRO DE 2025 - 20:00 H.

CASA DA CULTURA DE VILALBA



O Instituto de Estudos Chairegos (IESCHA), coa colaboración do Concello de Vilalba, organiza a presentación do libro **"SPEECHWRITER"**, de PAULO NASEIRO, que terá lugar na **Casa da Cultura de Vilalba, o xoves 30 de xaneiro de 2025, ás 20:00 horas**, e contará coas intervencións de **Paulo Naseiro, Marisa Barreiro e Chema Felpeto**.

### SPEECHWRITER:

Autor: PAULO NASEIRO. Editorial: BOD - BOOKS ON DEMAND. ISBN: 978-84-1092-054-5. Ano: 2025. Nº páx.: 164.

*Ás veces é mellor estar calado. Unha tía miña, que todo o solucionaba con ditos e refráns, dicía algo así como "un é escravo do que di e dono do que cala". Sempre me pareceu un sabio aforismo, e se cadra debería terlle feito caso nalgunhas ocasións, aquelas que, aínda que raras, contribuíron a dar bruscos cambios de sentido á miña vida.*



**Paulo Naseiro** (Vilalba, 1970) era un daqueles nenos que seguían aos gaiteros nos pasarrúas, e de mozo saltaba nos concertos de Xorima. É o xerme dunha vida dedicada a cultivar varias disciplinas artísticas e literarias a narrativa longa ou breve, a investigación histórica e social, o xornalismo non sensacionalista e a farándula; domina o chairego a nivel nativo e as malas linguas din que toca o tamboril.

Sociólogo, xornalista e ensaísta en lingua galega, tamén escribe ficción. Ten publicado o relato breve *8 horas*, a novela *Magyar Posta* (2007), Premio de Narrativa do Concello de Vilalba 2003, o ensaio *Conversas arredor de Xorima* (2020) e a escolma de artigos *Baixo a Pradia* (2023). Traballou nos xornais *A Voz de Vilalba*, *avozdevilalba.com* e *A NosaTerra* e nas revistas *Peirao* e *Albaroque*.

ENTRADA GRATUÍTA ATA COMPLETAR AFORO